

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 3 DE ABRIL DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a tres de abril de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as nove horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 27 de marzo de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— María Cruz González Lois

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 27 de setembro de 2023 (RE-E núm. 553), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	MARÍA CRUZ GONZÁLEZ LOIS
DNI	██████████
DOMICILIO	PONTEVEDRA

DATOS DA OBRA

OBXECTO	RECEBADO EXTERIOR DE MUROS DE EDIFICACIÓN
LUGAR	ALDEA DE RIBA
PARROQUIA	RIOBÓ
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
REFª CATASTRAL INMOBLE	36047A107060130000LK 36047A107060140000LR
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (Estudo básico de seguridade e saúde redactado pola arquitecta Dona Sonia Rodríguez Gómez, en data 13/11/23)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	3.040,00 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 02/04/24)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de SESENTA EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (60,80 €).

Cuarto.- As obras deberán cumprir as condicións impostas pola autorización emitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en Pontevedra mediante Resolución de data 26/02/24 (expediente núm. [REDACTED]).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

— Fundación Juana de Vega

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 5 de xullo de 2023 (RE-E núm. 397), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	FUNDACIÓN JUANA DE VEGA
CIF	[REDACTED]
DOMICILIO SOCIAL	OLEIROS (A CORUÑA)
REPRESENTANTE	MERCEDES MÁQUEZ ROEL
DNI	[REDACTED]

DATOS DA OBRA

OBXECTO	EMBELECEMENTO DE LAVADOIRO
---------	----------------------------

LUGAR	VILANOVA
PARROQUIA	CAMBA
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
REFª CATASTRAL PARCELA	36047A069001610000PY
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (Documentación técnica redactada pola arquitecta Dona Mercedes Máquez Roel, en data 21/07/24)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	3.830,00 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) MES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 27/03/24)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de SETENTA E SEIS EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (76,60 €).

Cuarto.- As obras deberán cumprir as condicións impostas pola autorización emitida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, mediante Resolución de data 05/02/24 (expediente núm. [REDACTED]).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación

efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- CONCESIÓN DE PRÓRROGA NO PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA AMPARADA EN COMUNICACIÓN PREVIA

ANTECEDENTES

1º.- Dona María Elena Somoza Calviño, na representación que acredita no presente expediente de Don JOSÉ FERNÁNDEZ DIÉGUEZ, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, solicita con data 8 de marzo de 2024 (RE-E núm. 134) unha prórroga do prazo de execución de OBRAS MENORES EN EDIFICIO, con emprazamento no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro.

2º.- A Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión celebrada o día 11 de xullo de 2023, adoptou acordo de declaración de eficacia da comunicación previa presentada, en virtude do disposto no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no artigo 361.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).

3º.- Na comunicación previa presentada consignábase como data de inicio das obras o día 1 de setembro de 2023, cun prazo de execución de sete (7) meses.

4º.- Consta informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 01/04/24, acreditando a conformidade da prórroga solicitada.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 363.1 da RLSG textualmente dispón: “As comunicacións previas relativas á execución de obras deberán sinalar o prazo para o seu inicio e remate, en proporción á súa entidade e de conformidade co que establezan as ordenanzas municipais sobre uso do solo e a edificación. Os prazos indicados prorrogaranse pola metade do prazo establecido se a persoa interesada o comunica antes de ter transcorrido o referido prazo. O prazo para o inicio e remate das obras non poderán exceder dos tres meses e un ano respectivamente”.

Debidamente informados de canto antecede e acreditado o cumprimento dos requisitos legais esixibles, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Conceder ao solicitante unha prórroga de tres (3) meses e medio para a execución das obras, que rematará o día 15 de xullo de 2024.

4.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “ACTUACIÓNS DE MELLORA DO PUNTO LIMPO DE RODEIRO” – EXPEDIENTE NÚM. PASS-O 2/2024

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación da obra de “ACTUACIÓNS DE MELLORA DO PUNTO LIMPO DE RODEIRO”, na reunión celebrada o día 1 de abril de 2024, realizou por unanimidade proposta de adxudicación da licitación ao favor do licitador que obtivo a maior puntuación, unha vez admitidas e avaliadas todas as propostas presentadas, en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

A/ Criterios avaliados automaticamente (ata 100 puntos)

LICITADOR	CIF	PREZO	PUNTOS	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	PUNTOS	PUNTUACIÓN TOTAL
REFORMAS LOURECÓN 2020 S.L.	██████	53.119,00 €	85,00	2 SEMANAS	15,00	100,00
NATURE INFRAESTRUTURAS Y SERVICIOS S.L.	██████	56.688,50 €	6,56	2 SEMANAS	15,00	21,56

B/ Resume da puntuación por orde decrecente

LICITADOR	CIF	PUNTUACIÓN TOTAL
REFORMAS LOURECÓN 2020 S.L.	██████	100,00
NATURE INFRAESTRUTURAS Y SERVICIOS S.L.	██████	21,56

2º.- O licitador proposto Reformas Lourecón 2020 S.L. foi requirido para a presentación da documentación preceptiva establecido na cláusula 24ª do prego (RS núm. 2024-S-RE-146, do 01/04/24).

3º.- Con data 2 de abril do corrente (RE núm. 2024-E-RE-175), dita sociedade presenta no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato e no ámbito territorial da realización da obra obxecto de licitación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) dispón literalmente: “O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (...)”.

Segundo.- O artigo 151 do mesmo texto legal dispón que a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula 24ª do prego de cláusulas administrativas particulares, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada “ACTUACIÓNS DE MELLORA DO PUNTO LIMPO DE RODEIRO” a favor do seguinte licitador:

LICITADOR: REFORMAS LOURECÓN 2020 S.L.

CIF: ██████████

INSCRICIÓN NO RXC DE GALICIA: ██████████

INSCRICIÓN NO ROLECE: SI

IMPORTE DA AXDUDICACIÓN SEN IVE: 43.900,00 €

IVE: 9.219,00 €

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN CON IVE: Cincuenta e tres mil cento dezanove euros (53.119,00 €)

MOTIVACIÓN DA ADXUDICACIÓN: Mellor puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego.

Segundo.- A sociedade adxudicataria queda suxeita ao cumprimento íntegro das obrigas establecidas no proxecto técnico e no prego que regula a presente licitación, así como á realización efectiva das melloras ofertadas.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e aos licitadores e publicalo non perfil do contratante do Concello.

Cuarto.- De conformidade do previsto no artigo 159.6 g) da LCSP a formalización do contrato efectuarase a través da sinatura de aceptación por parte da sociedade adxudicataria do presente acordo de adxudicación.

Quinto.- Designar director de obra e coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución ao enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas.

5.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA B DE RODEIRO”

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 12 de decembro de 2023, adoptou o acordo de inicio do expediente de contratación da obra denominada “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA B DE RODEIRO”. En virtude do acordado, e de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), incorporáronse ao expediente os seguintes documentos:

- Acta de trazado previo, asinada con data 21 de abril de 2023.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, informado de xeito favorable pola Secretaría municipal.
- Certificación de existencia de crédito expedida pola Intervención municipal.

Xa que logo, debidamente informados e de conformidade co establecido no artigo 117 da LCSP, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra de “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA B DE RODEIRO”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación.

Terceiro.- Aprobar o correspondente gasto, por importe de 450.251,31 €, con cargo á partida correspondente do orzamento xeral en vigor.

Cuarto.- Iniciar o procedemento de adxudicación da obra, publicando o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, de conformidade co disposto no artigo 135 e concordantes da LCSP.

6.- ACORDO DE OUTORGAMIENTO DE VISADO PERIÓDICO DE LICENZA MUNICIPAL DE TAXI

Consta no Rexistro municipal a seguinte solicitude de visado periódico de licenza municipal de taxi:

— Félix Fernández García (RE núm. 295, do 08/03/24).

Achega declaración responsable por el asinada na que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos establecidos para o exercicio da actividade de taxi e que dispón da documentación que así o acredita.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, e artigo 14.3 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Outorgar o visado periódico da seguinte licenza municipal de taxi:

LICENZA	TITULAR	DNI	MATRÍCULA DO VEHÍCULO
1	FÉLIX FERNÁNDEZ GARCÍA	██████████	2962LWP

Segundo.- Proceder a anotar o visado no Rexistro de Títulos Habilitantes.

7.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 415,36 € E 61,71 €

Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 24A/376 e 24A/377 (FACe).

- MARCAXE DEZA S.L. 54,45 € E 193,60 €
Por subministro de diverso material de oficina para o Concello, s/facturas núm. 24185 e 24186 (FACe).
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 148,83 € E 525,14 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA78Z0001537 e TA78Z0001538 (FACe).
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,00 € E 0,00 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-D4DD-004694 e 28-D4DD-043687 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 479,10 €
Por seguro anual de vehículo municipal, s/factura núm. 75202419900020003102 (FACe).
- JORGE OJEA MATO 45,89 € E 119,34 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- JOSÉ MARÍA NOVO RAMOS 45,89 € E 119,34 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- ANA BELÉN RODRÍGUEZ PÉREZ 42,83 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- INÉS VENCE LAMAS 42,83 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- GERARDO ABELEDO IGLESIAS 110,16 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.

- JOSÉ ANTONIO ARIAS DEZA 110,16 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- CANTERAS DE RICHINOL S.L. 1.018,93 €
Por subministro de zahorra e cachote para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000000174 (FACe).
- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 1.251,62 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0041264917 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas corenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)